



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Augas de Galicia

Servizo Territorial da Zona Galicia Norte

DH.A15.67759. Concesión de auga. Concello de Pontedeume

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Leche Celta, S.L.U. solicita de Augas de Galicia un caudal de 138.758 m³/ano de augas procedente de once pozos de barrena no lugar da Regueira, parroquia de Andrade (San Martiño), concello de Pontedeume, con destino abastecemento de industria láctea. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.67759

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Leche Celta, S.L.U.
CAUDAL:	4,4 litros/segundo
DESTINO:	industria láctea
ORIXE:	11 pozos de barrena na parcela 339 do polígono 25
LUGAR:	A Regueira
PARROQUIA:	Andrade (San Martiño)
CONCELLO:	Pontedeume

Descrición:

Once pozos situados na súa parcela para abastecemento, como complemento ao abastecemento da traída municipal.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontedeume ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer 2, 9º, na Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Asinado dixitalmente na Coruña o 5 de maio de 2021

O xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias

2021/3844